



As ‘Concubinas’ de Inma López Silva

Pese á súa xuventude, Inma López Silva posúe unha traectoria que a converte nunha das máis apreciadas narradoras galegas e o Premio Xerais que recibiu este ano por *Concubinas* confirmouna nese punto, xa irreversible, das grandes esperanzas. *Concubinas*, un dos lanzamentos de Xerais para o Nadal, é unha obra complexa na que López Silva vai esfaragullando sucesivas sucesións de mulleres. Para o crítico de rEVISTA DAS IETRAS, Martínez Bouzas, esta novela posúe abondos atributos en todos os seus niveis. Todo nesa obra mestura, saltando dun período a outro sen aviso, sen solucións de continuidade, para mergullar o lector nas peripicias vitais, nos amores, nas miserias e nas vinganzas que agroman no seo dunha familia. Como decorado, un tempo de guerra e violencia e tamén tempo de paz e unha arela insaciable de liberdade. Todo isto require unha gran dispoñibilidade temporal e unha verdadeira grea de personaxes secundarios para encher os días e os anos destas tres mulleres, os seus soños, as súas teimas, os seus pánicos e obsesións. Unha peza narrativa moi rica intrincada, un libro escrito nun estilo potente e coidado; unha novela á vez fermosa e complexa estrutural e tematicamente que esixe que entoremos no xogo de sermos verdadeiros lectores activos. Soamente entón gorentaremos co sabor e o calado inmenso da escrita que agacha a autora nesta novela.